

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 28/11/2019 8:28:11
SAIDA 12842/19

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 145/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11 de outubro de 2019, unha reclamación contra a Resolución da Secretaría Xeral de Medio do 8 de outubro de 2019, pola que se lle concede acceso á información referente á Oficina Técnica da TDTs.

O interesado solicitou en concreto, información dos anos 2013 a 2019 e previsión de 2020 relativa a subvencións, orzamento, contas anuais, auditorías de contas e fiscalización por parte de órganos externos de control, retribucións da presidencia, dirección e dos cargos de confianza, asesores, e demais cargos e vogais, actas, convenios e acordos celebrados polo organismo que afecten a terceiros, acordos e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables da Oficina Técnica da TDT con cargo aos fondos públicos ou subvencións, financiamento das campañas e recursos dedicados para a publicidade e ingresos relacionados coa Oficina, inscrición da Oficina Técnica da TDT no rexistro de entidades públicas do Goberno do Estado, Xunta ou órgano correspondente, acta fundacional e copias dos DOG da Oficina, estatutos de cargos da Oficina e identificación de persoas físicas que os representen, identificación dos membros que integran a Oficina, listado de contas bancarias e outros bens titularidade da Oficina con cargo aos fondos públicos subvencionados a membros de confianza, asesores ou vogais do organismo, contratos ou convenios celebrados polo Oficina e a Xunta de Galicia, actas, rexistros ou ordes para negar o dereito informativo ou as peticións de información pública, contratos de servizos informáticos da web www.tdtgalicia.es., documentos públicos borrados da dita web.

O reclamante manifesta a súa desconformidade coa resolución y la considera nula de pleno dereito por considerar que oculta a información.

O escrito viña acompañado de copia da resolución da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia do 8 de outubro de 2019 que se impugna, á que acompaña copias de decisións do Parlamento Europeo y del Consejo.

Segundo. Con data 21 de outubro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 22 de outubro de 2019.

Terceiro. Con data 4 de novembro de 2019 a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, informa que a oficina técnica da TDT non dispón de personalidade xurídica propia, tratase dun servizo para a información relacionada coa televisión dixital xestionado pola propia Secretaría Xeral de Medios. Para canalizar toda a información relativa a televisión dixital dende a Secretaría Xeral de Medios, cóntase cunha páxina web (www.tdtgalicia.es), un enderezo electrónico (oficinatdt@xunta.es) e un teléfono de información (881 866 388), todos eles pertencentes ós medios técnicos e servizos xerais da Xunta de Galicia e xestionados pola Secretaría Xeral de Medios.

Por tanto a información solicitada polo interesado non existe, dado que a Oficina non ten capacidade para actuar e xerar documentación no senso no que se expresa na solicitude formulada polo interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Oficina de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 9 de agosto de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 14 de agosto de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto, o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, o que fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

No presente caso, o interesado solicitou información referente á Oficina Técnica da TDT como si se tratase dun órgano administrativo con capacidade de xestión, cando, de acordo co informe da Secretaría Xeral de Medios, a referida Oficina non dispón de personalidade xurídica propia, e non é mais que un servizo para a información relacionada coa televisión dixital xestionado pola propia Secretaría Xeral de Medios, que utiliza unha páxina web, un enderezo electrónico e un teléfono de información, que pertencen a medios técnicos e servizos xerais da Xunta de Galicia e que son xestionados pola Secretaría Xeral de Medios.

Na reclamación presentada, o interesado considera que a resolución é nula de pleno dereito cos argumentos de que da mesma dedúcese que ninguén mantén os servizos dixitais da televisión dixital, nin o seu aloxamento na web, e ninguén dedica orzamento algún á mesma. Non poden aceptarse estes argumentos para considerar que a resolución impugnada é nula,

por canto na mesma expresamente se di que os medios utilizados pola oficina, pertencen a medios técnicos e servizos xerais da Xunta de Galicia, e son xestionados pola Secretaría Xeral.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] con data do 11 de outubro de 2019, contra a resolución da Secretaría Xeral de Medios do 8 de outubro de 2019, pola que se lle concede acceso á información referente á Oficina Técnica da TDT.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F	Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)	DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
	Fecha: 2019.11.27 11:31:13 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.